



Concello de Castroverde

EXPTE: 402/2023

BASES DO II CONCURSO DE TAPAS - CASTROVERDE 2024

PRIMEIRA.- OBXECTIVOS E PERÍODO DO CONCURSO:

O obxectivo deste concurso é o de fomentar o consumo, dinamizar o sector e poñer en valor a oferta gastronómica no noso concello.

Este concurso de tapas terá lugar os seguintes días:

- **Venres 1 de marzo de 20:30 horas a 23:30 horas.**
- **Sábado 2 de marzo de 13:00 a 15:30 horas e de 20:30 a 23:30 horas**
- **Domingo 3 de marzo de 13:00 a 15:30 horas.**

A organización deste evento formada por persoal traballador do concello de Castroverde resérvase o dereito de poder establecer todas as melloras que estimen oportunas en calquera momento para o mellor funcionamento deste concurso.

SEGUNDA.- PARTICIPANTES:

Neste concurso poderán participar todos aqueles establecementos hostaleiros do concello de Castroverde.

Para poder levalo a cabo deberá haber un mínimo de 4 establecementos participantes.

A inscrición neste concurso implica a aceptación destas bases.

TERCEIRA.- INSCRICIÓNS:

Os establecementos interesados en participar deberán presentar a seguinte documentación nun **prazo de 5 días hábiles** dende a publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia:

- Anexo I (solicitud) destas bases debidamente cuberto.

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Castroverde

CUARTA.- REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN:

- Cada establecemento participará cunha única tapa.
- As tapas deberán estar dispoñibles para o público os días e horarios establecidos na base primeira.
- O prezo de venta ao público de cada tapa terá un valor que oscilará entre os **3 € e os 4 €**.
- O concello de Castroverde entregará a cada participante antes do primeiro día de comezo do concurso unha urna e folletos para que os clientes poidan emitir o seu voto, que colocarán nun lugar visible.
- O incumprimento dos anteriores requisitos suporá a descualificación do establecemento.

QUINTA.- VOTACIÓN:

En todos os establecementos participantes haberá folletos de votación para os clientes que estean interesados en participar no concurso, nestes folletos aparecerá o cartel anunciador do concurso, o plano da ruta cos establecementos participantes, varios recadros onde aparecerán os nomes de todos os establecementos que participan (este espazo estará reservado aos hostaleiros, deberá ser selado por eles no momento de servir a tapa do concurso, debendo cada establecemento selar só no recadro que lle corresponda).

Outra das partes do folleto estará reservada aos clientes, onde deberán cubrir os seus datos e indicar a que establecemento lle dan a súa respectiva puntuación (só se votarán as 3 mellores tapas con 3 ,2 e 1 punto, sendo 3 puntos a maior puntuación e 1 punto a menor) tamén aparecerán as instrucións de votación e os premios aos que optan os clientes.

O prazo para votar, é dicir, para depositar o folleto en urna remata o último día do concurso, é dicir, o domingo día 3 de marzo.

Cada cliente poderá depositar en urna cantas tarxetas de votación así o consideren (xa que poden repetir o consumo de tapas cantas veces queiran) iso sí, todas as tarxetas que depositen terán validez para o recuento de votos dos establecementos pero para acceder aos premios en metálico dos consumidores só terán acceso a poder obter

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Castroverde

un dos premios xa que non son acumulables.

IMPORTANTE: os clientes para poder votar e participar nos sorteos dos premios será necesario que teñan o seu folleto selado por todos os establecementos participantes no concurso (de non ser así considerarase voto nulo polo que non contará a súa puntuación nin optarán ó sorteo dos premios).

SEXTA.- PREMIOS PARA OS ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS PARTICIPANTES:

Establécense **3 premios ás mellores tapas** para aqueles establecementos que acaden maior puntuación por parte dos clientes consumidores.

Estes premios consistirán nun diploma acreditativo para que coloquen no seu establecemento e no que se fará constar o posto no que quedaron podendo ser: **1º, 2º ou 3º posto.**

SÉTIMA.- PREMIOS PARA O PÚBLICO CONSUMIDOR:

Establécense tres premios en total (obrigatorio ter os selos de todos os establecementos participantes, de non ser así non entrarán no sorteo):

1º Premio: un vale de compra por valor de **300 €** a utilizar en calquera establecemento comercial de Castroverde.

2º Premio: un vale de compra por valor de **200 €** a utilizar en calquera establecemento comercial de Castroverde.

3º Premio: un vale de compra por valor de **100 €** a utilizar en calquera establecemento comercial de Castroverde.

OITAVA.-ELECCIÓN DOS GAÑADORES:

Unha vez rematado o período do concurso a organización (formada por varias persoas traballadoras do concello) irán recoller as urnas a cada un dos establecementos participantes para depositalas na casa consistorial. A organización comunicará a través da web e do facebook do concello o día e hora na que se procederá a desprecintalas para poder facer de forma pública o recuento de votos e ver que establecementos son os que obtiveron maior puntuación.

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Castroverde

Unha vez se saiban cales son os gañadores dos establecementos o persoal da organización xuntará novamente nunha soa urna todos os folletos para facer un sorteo ao azar onde se descubrirán cales son aquelas persoas do público consumidor premiadas co 1º, 2º e 3º premio (o folleto que se saque no primeiro sorteo que se faga levará o primeiro premio e así sucesivamente).

Tanto o nome dos tres gañadores dos premios do público coma o dos establecementos hostaleiros que quedan en 1º, 2º e 3º posto será publicado na web e no facebook do concello así como tamén na prensa. Estes gañadores tamén serán avisados por vía telefónica para citalos na casa consistorial para recoller o premio obtido (vale ou diploma acreditativo dependendo do caso).

DÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RGPD), informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais á hora de inscribirse neste concurso é o Concello de Castroverde con dirección en Praza do Concello, nº 2, CP 27120, Castroverde. (Lugo). Os datos persoais serán empregados para a correcta xestión do I Concurso de Tapas – Castroverde 2023 organizados polo Concello (publicación de imaxes e nome e apelidos dos gañadores, tanto na web como no facebook do concello). Os seus datos persoais non se cederán, salvo que exista una obriga legal para elo. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos,, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar na oficina da entidade sita na dirección arriba indicada ou ben solicitándoa a través da sede electrónica do Concello: <https://concellocastroverde.sedelectronica.es/info.0>

Asdo.: M^a Pilar Ferreiro Villar
Concelleira Delegada de Cultura, Deporte
Educación e Xuventude

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Castrolverde

ANEXO I

SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN DE ESTABLECEMENTO PARTICIPANTE II CONCURSO DE TAPAS-CASTROLVERDE 2024

Don/a.....con DNI.....
domicilio.....
e telefono/s.....
titular do establecemento hostaleiro.....
pertencente ó concello de Castrolverde,

- Solicito participar no “II CONCURSO DE TAPAS – CASTROLVERDE 2024
coa seguinte tapa (nome oficial da tapa coa que participo no concurso):

.....

- Así mesmo autorizo ó Concello de Castrolverde a:

Publicar o nome da tapa coa que participo no concurso xunto co nome do meu establecemento e no o caso de ser gañador/a dalgún premio á publicación do meu nome e apelidos e da miña imaxe na entrega do mesmo todo isto tanto na web como no perfil de facebook do Concello de Castrolverde.

Acepto tamén todo o establecido nas bases deste certame.

(*será necesario marcar os dous recadros anteriores para participar no concurso)

Castrolverde.....de.....de 20....

Asdo:.....

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE CASTROLVERDE

Concello de Castrolverde

Plaza do Concello, nº 2, Castrolverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011

